

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

RESOLUCIÓN do 7 de xullo de 2023 pola que se establece un período de veda na ría de Pontevedra para a captura do choco.

Antecedentes.

A Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra achega, a través de correo electrónico do 22 de xuño de 2023 e co número de rexistro de saída 159, a solicitude de establecemento dunha veda para a pesca do choco por dentro das liñas de referencia do anexo III do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, na ría de Pontevedra, desde o 17 de xullo ata o 31 de outubro de 2023.

Consideracións legais e normativas.

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de pesca de Galicia, indícanos, no artigo 6.1, que a política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa conservación e xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, terá como obxectivo «o establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación e á explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos».

Ademais, co fin de asegurar os obxectivos recollidos na lei, establece que lle corresponde á consellería competente en materia de pesca, logo de audiencia do sector afectado, o «establecemento de vedas temporais ou zonas para determinadas especies, así como dos fondos autorizados» (artigo 7.2.h).

O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 50.3 que «as embarcacións menores de 2,5 TRB ou 1,75 GT poderán utilizar trasmallos por dentro do anexo III a unha distancia mínima de 100 metros da costa ou a unha profundidade mínima de 5 metros, no período comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril, salvo o período en que se decreta a veda temporal dalgunha especie ou zona».



Examinados os informes técnicos correspondentes, onde se constata que a partir do mes de xuño a porcentaxe de individuos xuvenís capturados se incrementa nun 80 % respecto a meses anteriores, nos cales se recomenda limitar o emprego das diferentes artes de pesca nas zonas máis interiores das rías (por dentro do anexo III), e consultado o sector na zona, esta dirección xeral

RESOLVE:

Establecer unha veda para a pesca do choco na ría de Pontevedra, por dentro das liñas de referencia do anexo III que aparecen reflectidas no citado Decreto 15/2011, desde o 17 de xullo de 2023 ata o 31 de outubro de 2023, ambos inclusive.

Así mesmo, queda prohibida a captura, tenza a bordo, transbordo, comercialización ou venda desta especie con calquera das artes incluídas no devandito Decreto 15/2011. As capturas accidentais deberán ser devoltas ao mar.

Do mesmo xeito, esta veda inclúe tamén a pesca marítima de recreo segundo a Lei 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de pesca de Galicia, que establece no seu artigo 26-1. «Seranlle aplicables á pesca marítima de recreo as medidas de protección e conservación dos recursos pesqueiros establecidas para a pesca marítima profesional».

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante o conselleiro do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2023

O conselleiro do Mar
P.D. (Orde do 21.2.2022; DOG nº 41, do 1.3.2022)
Antonio Basanta Fernández
Director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

